

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1768).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

2(1769).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE VIGO INCOMING. EXPTE. 4595/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 21.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Excluir a proposta presentada por DHUMAN CONSULTORES S.L.U. Por obter a puntuación inferior a de 20 puntos esixida no apartado 8 a) 1 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do programa “**Vigo Incoming**”. (expediente 4595-104) no seguinte orde decrecente:

HIDRIA CIENCIA, AMBIENTE Y DESARROLLO,S.L.: con una puntuación de 70,35 puntos

MENSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURALS, S.L.: con una puntuación de 55,30 puntos.

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, HIDRIA CIENCIA, AMBIENTE Y DESARROLLO,S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

3(1770).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE GONDAR, ASESORES Y CONSULTORES, S.L. EXPTE. 5395/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 13.12.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 20.12.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de GONDAR, ASESORES Y CONSULTORES, S.L. (CIF B-85740819), na contía de 14.160,00 €, correspondentes a redacción dun estudio de viabilidade económica da xestión indirecta do Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2012, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor, GONDAR, ASESORES Y CONSULTORES, S.L. (CIF B-85740819), polo importe de 14.160,00 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5396-551	V	CV 12/04	02/08/12	12.000,0 0 €	2.160,0 0 €	14.160,00 €

3º.- Ordenar o pago a favor de GONDAR, ASESORES Y CONSULTORES, S.L. (CIF B-85740819), polo devandito importe de 14.160,00 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.01 "Programas de dinamización" do orzamento vixente.

4(1771).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2012. EXPTE. 8848/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 19-12-12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.-.- Propoñer a concesión de axudas por un importe total de 50.000€ (cincoenta mil euros), para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados segundo o tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o cadro que figura ao final do presente acordo.

Segundo.- Propoñer a denegación de axudas ás seguintes empresas, tendo en conta o apartado 1.5. da base 1ª, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación, segundo os criterios de avaliación:

Terceiro.- Propoñer a denegación por non cumprir cos requisitos xerais esixidos, no apartado 1.3. da base 1ª e/ou a base 4ª Solicitudes, obrigas e prazo de presentación:

CONCESIÓN DE AXUDAS POR UN IMPORTE TOTAL DE 50.000€

Nº ORDEN	PUNT. BAREMACIÓN	Nº EXPDTE.	EMPRESA	NIF	PROPOSTA SUBVENCIÓN (€)
1	30,00	8900/ 77	CARMELO BARRIOS MORALES	36069772E	2.500,00
2	25,00	8906/ 77	SUER, C.B.	E27761402	2.500,00
3	25,00	8990/ 77	BABÚ VIGO, C.B.	E27759216	2.500,00
4	25,00	8993/ 77	MARÍA JESÚS MONZÓN FRASQUET	36131931N	2.500,00
5	24,38	9025/ 77	ELENA CABANELAS CORTIZO	35983213N	2.500,00
6	20,50	9026/ 77	LA PEZERA DE VIGO, S.L.	B27760859	1.810,15
7	17,00	9022/ 77	PURIFICACIÓN TERLEIRO BEIRO	36025188N	2.500,00
8	17,00	9053/ 77	ADELAIDA DOMÍNGUEZ GARCÍA	34626366G	2.500,00
9	16,00	8994/ 77	MARÍA MERCEDES FERNÁNDEZ RAMALLO	36046900N	2.274,58
10	16,00	9008/ 77	MARÍA TERESA RUÍZ GONZÁLEZ	36075904J	2.500,00
11	16,00	9010/ 77	JAVIER ESTÉVEZ TABOADA	36109036W	2.500,00
12	16,00	9021/ 77	INNOE, C.B.	E27768472	2.500,00
13	15,00	8998/ 77	LETICIA BARREIRO GONZÁLEZ	36169566L	2.500,00
14	14,90	9001/ 77	CARLOS RODRÍGUEZ RVEIRO	36072052W	2.500,00
15	14,00	8980/ 77	SHEILA POSADA ARCOS	53191985T	2.500,00
16	13,36	8995/ 77	FÁTIMA MARÍA DE SOUSA XAVIER	Y1807919H	2.500,00
17	13,00	8903/ 77	MAXIMINA TERESA MALLO LAGOA	78732429W	1.243,56
18	13,00	9028/ 77	ROGELIO GARCÍA CAÑIZARES	36163945X	2.500,00
19	12,00	8986/ 77	LIDIA CASAS FONTÁN	78739673R	2.500,00
20	12,00	8996/ 77	DANIEL SEGUÍN FERNÁNDEZ	36171446J	153,33
21	12,00	9009/ 77	JOSÉ LÓPEZ LOBARIÑAS	35766362M	671,89
22	12,00	9012/ 77	JULIO CÉSAR SOSA FERNÁNDEZ	Y1446625P	2.500,00
23	12,00	8984/ 77	FABIAN CACHEIRO PARADELA	36129012Z	1.346,49
TOTAL PRESUPUESTO SUBVENCIÓN					50.000,00 €

DENEGACIÓN DE AXUDAS

Nº	PUNT. BAREMACIÓN	Nº EXPDTE.	EMPRESA	NIF
1	11	8978 / 77	MARISOL CASTRO TEIXEIRA	36147692H
2	11	8985 / 77	SEGUNDO CARRERA OTERO	36050706T
3	11	8991 / 77	VERÓNICA PRESA GÓMEZ	36152898A
4	11	8997 / 77	GEMMA ROMÁN CAJARAVILLE	36112085S
5	11	9002 / 77	KATIA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ	36164764R
6	11	9013 / 77	MARÍA DEL CARMEN VÁZQUEZ VIGO	36084207J
7	10	8988 / 77	DRAKAR SOLUCIONES DE CONTROL, S.L.	B27762202
8	9	8983 / 77	MARÍA ISABEL BARCIA BERNARDEZ	53173436N
9	9	9004 / 77	JOSÉ FERNÁNDEZ MONTERO	36033851G
10	9	9014 / 77	RAQUEL BOULLOSA SEOANE	44076621L
11	9	9019 / 77	MARCO ANTONIO DURÁN CABOBIANCO	36132830Z
12	7	8992 / 77	GUSTAVO VILELA ALFONSO	44831416T
13	7	9005 / 77	YOLANDA FERNÁNDEZ VAZQUEZ	36113987P
14	7	9006 / 77	FERNANDO DE LOS ANGELES LAGE	35562456V

DENEGACIÓN POR NON CUMPRIR COS REQUISITOS XERAIS ESIXIDOS NO APARTADO 1.3 DA BASE 1ª E/OU A BSE 4ª SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Nº EXPDTE.	EMPRESA	NIF	CÓDIGO MOTIVO DENEGACIÓN
8904/ 77	CASERO BUSTOS, ALICIA	36.151.819M	N
8979/ 77	JORGE BARJA BARJA	36.146.074X	R
8981/ 77	MERCEDES ABASOLO JAUREGUI	53.863.341D	R
8982/ 77	XOANIÑA CENTRO DE DÍA PARA MAIORES,S.L.	B27.739.572	S
8987/ 77	ADICO CONSULTORÍA Y PROYECTOS SOC COOP G	F27.767.961	N
8989/ 77	CARBALLO MATERIAL ELÉCTRICO, S.L.	B27.767.276	S
8999/ 77	CELTAM SHOPS, S.L.	B27.754.423	S
9000/ 77	INNOVACIÓN Y DESARROLLO FORMATIVO, C.B.	E27.755.941	N
9003/ 77	MELODIA UBIÑA ÁLVAREZ	53.194.282C	S
9007/ 77	NATALIA RIAL GARCÍA	39.455296S	D
9011/ 77	JOSÉ JAVIER MÍGUEZ REGO	44.660.611Q	S
9015/ 77	ANGEL IGLESIAS GALÁN	36.110.778L	D, R
9016/ 77	SILVIA SANMARTÍN COVELO	53.182.483C	R
9017/ 77	SUMMA FANDIÑO BARROS	44.825.509G	R
9018/ 77	ALVARO CEA FERNÁNDEZ	36.012.810P	R
9020/ 77	MARGARITA ALONSO ARCE	05.250.849H	R
9027/ 77	REZAI PARWIN	X3279353J	S
9029/ 77	JUAN ADAN PAVÓN	36.083.570C	C
9030/ 77	CC & LV, C.B.	E27.768.076	A
9041/ 77	LA ESTAFETA VIGO, S.L.	B27.765.791	S
9042/ 77	MIGUEL PÉREZ ACUÑA	53.190.669H	N
9043/ 77	MARCOS PAZOS DOSANTOS	39.450.439B	N
9047/ 77	OLGA LEMOS VILLAVERDE	35.969.213L	S
9048/ 77	GONZALO PAZOS MÍGUEZ	36.085.756K	S
9049/ 77	JOSÉ LUÍS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	53.191.029X	N
9050/ 77	XOABEN, CB	E27.735034	S
9051/ 77	JORGE ROCHA GUITIAN	36.141.196P	N
9052/ 77	EVA MARÍA CARBALLIDO ROUCO	36.138.483D	S

(*) Segundo a táboa anterior de denegación de axudas, os códigos que aparecen, correspóndense cos seguintes conceptos:

CÓDIGOS DE DENEGACIÓNS

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPÁIS A CREACIÓN DE EMPRESAS convocatoria 2012

(Bases reguladoras e convocatoria 2012 aprobadas en XGL do 8 de xuño do 2012)

Nº CÓDIGO	CONCEPTO	BASE	Apartados
A	Data solicitude fora do prazo (1)	4ª	4.2.
B	Non empresa individual ou PEME	1ª	1.2.
C	Inicio actividade (alta no IAE) fora do prazo (2)	1ª	1.2.
D	Enderezo fiscal fora de Vigo	1ª	1.3.1.
E	Enderezo social fora de Vigo	1ª	1.3.1.
F	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín. 50% do capital social) na data de inicio da actividade	1ª	1.3.2.
G	Non viabilidade técnica da empresa	1ª	1.3.3.
H	Non viabilidade económica da empresa	1ª	1.3.3.
I	Non viabilidade financeira da empresa	1ª	1.3.3.
J	Non empresa de nova creación (transformación xurídica, sucesión empresa familiar)	1ª	1.3.4.
K	Ter débedas coa Seguridade Social	1ª	1.3.5.
L	Ter débedas coa Consellería de Economía e Facenda	1ª	1.3.5.
M	Ter débedas coa AEAT	1ª	1.3.5.
N	Ter débedas co Concello por parte dalgún/s promotor/es	1ª	1.3.6.
O	Actividade igual ou equivalente nos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.7.
P	Percibir subvención á creación empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores ao inicio da actividade	1ª	1.3.8.
Q	Concorrer algunha das circunstancias previstas no art 10. aptdos 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións	1ª	1.3.9.
R	Renuncia	8ª	2.
S	Falta de documentación requerida	4ª	4.1./4.2.

(1) Prazo de solicitude do 26/06/2011 ata o 26/07/2012

(2) Prazo de inicio da actividade do 01/06/2011 ata o 31/03/2012

5(1772).- CONCESIÓN AO CLUBE CORUXO F.C. UNHA SUBVENCIÓN PARA AXUDA DOS GASTOS DE TRANSPORTE DOS EQUIPOS PARA A TEMPADA 2011-2012. EXPTE. 9092/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-10-12, do xefe de Protocolo e RR PP, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 29-10 e 20-12-12, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder ao clube Coruxo F.C, CIF G-36708212 unha subvención pola contía de 12.000 euros para axuda dos gastos de transporte dos equipos da entidade para a tempada 2011-2012, que será de cargo á partida 912.0.489.00.04 (outras subvencións) ou á súa bolsa de vinculación.

Segundo.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Terceiro.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

Cuarto.- A beneficiaria, no prazo dun mes a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reú-

nan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Quinto.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Sexto.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Sétimo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Noveno.- De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguemento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas polo club Coruxo F.C , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.

Décimo.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado

cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo primeiro.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

6(1773).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FÚTBOL BASE NA TEMPADA 2011-2012. EXPTE 11680/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 26.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira delegada de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 7.12.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 20.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 50.000,00 €. a favor da entidade Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042 con enderezo social na Avda. Balaídos, S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.16 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadjuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base da entidade durante a tempada 2011/2012.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interés público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2012, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

e) Que a Fundación Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11680-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

g) En canto á subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

h) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a proposta de subvención foi comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxunta no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

i) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta da Fundación Celta de Vigo tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

m) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do

procedemento para a concesión subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDA: Aprobación do pago da subvención directa por un importe de 50.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Avda. Balaidos, S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.16 do vixente orzamento, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución e atendendo á conta xustificativa anexa ó expediente remitida pola entidade beneficiaria.

7(1774).- ADXUDICAR Á SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A., PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VALORIZACIÓN DA MISTURA DE RESIDUOS MUNICIPAIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 3352/252.

Examinadas as actuacións do expediente, vista proposta do 20-12-12, da secretaria da Mesa de Contratación, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 20-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de valorización da mistura dos residuos municipais da cidade de Vigo (expediente 3352-252) por un prezo de 54,33 euros/tonelada, sendo a cota correspondente o IVE de 5,43 euros, o que supón un prezo total do contrato de 59,76 euros/tonelada, sendo o gasto máximo autorizado de 39.155.223, 50 € IVE engadido.

Segundo.- O adxudicatario comprométese a subscribir un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 € por sinistro, e axuntar á póliza previamente á formalización do contrato..

Todo iso de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.